

**ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, EDUCACIÓN,
PATRIMONIO HISTÓRICO, DOCUMENTAL E LINGÜÍSTICO**

A Comisión Informativa de Cultura, Educación, Patrimonio Histórico, Documental e Lingüístico réunese no Pazo provincial ás 12:17 h do día 18 de outubro de 2024, baixo a presidencia de, **D. JORGE CUBELA LÓPEZ** e a asistencia dos seguintes deputados e deputadas: **D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME, D.ª LUISA MARÍA SÁNCHEZ MÉNDEZ, D.ª BELÉN CACHAFEIRO ANTA, D.ª MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ, D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, D.ª MARÍA NAVA CASTRO DOMÍNGUEZ, D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUÍÑA, D. MARCOS GUIASOLA PADÍN, D.ª ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ, D. GREGORIO LUÍS AGÍS GÓMEZ** en substitución de **D. CARLOS GÓMEZ PRADO, D. PACO FERREIRA GONZÁLEZ, D.ª NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, D. GORKA GÓMEZ DÍAZ, D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN, D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO** e **D.ª MARÍA ORTEGA IÑARREA**, coa seguinte orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Non existe ningún reparo e apróbase por unanimidade a acta da sesión do día 20 de setembro de 2024.

2.- DAR CONTA DA APROBACIÓN DA PROGRAMACIÓN DO CIRCUÍTO +ESCÉNICAS, PRIMEIRA EDICIÓN 2024 (Expte. 2024040737)

O presidente dá conta da aprobación na sesión do 11 de outubro da Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, da programación do circuítio + Escénicas, ano 2024, que inclúe a relación de espectáculos programados dentro deste circuítio de apoio á programación de artes escénicas en galego, nos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia. Dita programación suma un total de 105 funcións nos 49 concellos solicitantes, que se desenvolverán dende outubro do presente ano ata finais de marzo de 2025, conforme figuran no expediente con CSV: HYEHBHNO1DSR2B6X.

Tal como se recollía nas bases da convocatoria desta primeira edición do circuítio, publicadas no BOPPO núm. 133, de 9 de xullo de 2024, as actuacións serán cofinanciadas entre a Deputación e os concellos, cunhas porcentaxes do 70%, 80% e 90% a asumir pola Deputación segundo o tramo de habitantes de cada concello. Logo da aceptación de todas as solicitudes realizadas polos concellos, a suma total do orzamento concedido ascendeu a 145.407,35 €, que se imputarán con cargo á aplicación 24/330.3340.462.04 do vixente Orzamento provincial e se detallan no expediente con CSV: FRCWHIRGRTBGSQG4Q.

3.- DAR CONTA DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURALS DO ANO 2024 (Expte. 2024010390)



O presidente dá conta da concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas económicas dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro da provincia de Pontevedra para as actividades culturais que se realicen entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024, aprobadas na sesión do 11 de outubro da Xunta de Goberno desta Deputación.

O importe total ascendeu a 300.000,00 euros, que se imputarán con cargo á aplicación 24/3303340489.05 e se distribuirán do seguinte xeito conforme ás dúas liñas recollidas nas bases, as cales saíron publicadas no BOPPO núm.102, de 27 de maio de 2024:

- Liña 1: concesión de subvencións a 188 asociacións e entidades sen fins de lucro para a realización de actividades de posta en valor do patrimonio inmaterial propio das vilas e comarcas da nosa provincia (costumes, tradicións, etnografía, crenzas e mitos), festivais, mostras, encontros ou certames culturais, por un importe total de 250.000,00 €, que figuran co CSV: 0HOSU6YS6BUFCF3F6 , excluindo un total de 18 solicitudes por non cumprir cos requisitos establecidos nas bases e que figuran co CSV: 07KU5AJGOHB9Z7CC.

- Liña 2: concesión de subvencións a 40 asociacións e entidades sen fins de lucro para a participación en festivais, certames ou concursos nacionais e internacionais e intercambios culturais para potenciar o patrimonio musical e cultural fóra da comunidade autónoma de Galicia, por un importe total de 50.000,00 €, que figuran co CSV: 0VUYNZV9XGT4K5MK, excluindo un total de 4 solicitudes por non cumprir cos requisitos establecidos nas bases e que figuran co CSV: 0JRXDJBBR7X06NQA.

4.- DAR CONTA DA CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES CULTURAIS SEN FINS DE LUCRO PARA AS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO ANO 2024 (Expte. 2024002977)

O presidente dá conta da concesión de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2024, aprobadas na Xunta de Goberno desta Deputación, na súa sesión ordinaria do 4 de outubro.

Segundo se recollía nas bases da convocatoria, publicadas no BOPPO núm. 81, de 25 de abril de 2024, as axudas non podían superar o 75% do orzamento presentado para levalas a cabo, nin os 3.500,00 €. Recibidas e revisadas un total de 60 solicitudes, o orzamento total concedido ascendeu a un total de 108.064,10 €, que se repartiron entre 47 entidades solicitantes que cumpriron cos criterios establecidos nas bases e se relacionan no documento co CSV: AU3PZQN0LJ63SBWX, quedando desestimadas as solicitudes que se relacionan co CSV: KXLHLP1HS4WKS0T8.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se produciron

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por concluída a reunión ás 12:20 horas do mencionado día, do que eu como secretaria dou fe.

